# PROGRAMACIÓN

## CIENCIAS SOCIAIS

## 5º PRIMARIA

## CPI “VIRXE DOS REMEDIOS”

Curso 2023-2024

## 1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Sendo na etapa da Educación Primaria onde se produce a transición do pensamento prelóxico ao de construción e asentamento do pensamento lóxico-concreto, implicando todo elo , unhas formas de razoamento caracterizadas pola reversibilidade e flexibilidade, así como polos progresos significativos na capacidade de análise e síntese, o interese por ampliar coñecementos e o significativo aumento da capacidade de reteñer datos.

Sendo un período, onde vai aumentando a importancia sobre ás relacións cos iguais.

Esta programación vai dirixida ao grupo de 5º curso formado por dúas nenas e catro nenos, facendo un total de 6 estudantes, que comparten aula mixta co alumnado de sexto de primaria.

A área impartirase en lingua galega e nun contexto sociocultural medio, no que, en xeral, podemos contar co apoio e cooperación das familias.

## 2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS CLAVE

Un alumno competente é aquel que sabe utilizar todos os seus coñecementos e habilidades de xeito estratéxico para resolver problemas cotiáns. Este é precisamente o obxectivo da nova lei educativa, a LOMLOE: que os nenos e nenas sexan persoas competentes e preparadas para o mundo

real. Para conseguilo, parte do perfil de saída do alumnado e estrutura todo o ensino en función das competencias clave. Estas competencias verifícanse mediante descritores operativos, que nos informan das habilidades e coñecementos que debe acadar o alumno, e conectan coas competencias específicas da área.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos fixados na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e desenvolvemento das competencias clave incluídas neste Perfil de Saída, que son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

No que se refire á relación das competencias cos obxectivos da área de Ciancias Sociais no quinto curso de Primaria, quedaría da seguinte maneira:

| Currículo | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBX1** Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede. ▸ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☑<br>4 ☑<br>5 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑ |
| **OBX2** Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural. ▸ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☑<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX3** Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. ▸ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☑<br>5 ☑ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX4** Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. ▸ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☑ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX5** Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos. ▸ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☑<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐ | 1 ☐<br>2 ☑<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX6** Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea. ▸ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☑<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☑<br>4 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ |
| **OBX7** Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. ▸ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☑ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐<br>5 ☐ | 1 ☑<br>2 ☑<br>3 ☑<br>4 ☐ | 1 ☐<br>2 ☐<br>3 ☐ | 1 ☑<br>2 ☐<br>3 ☐<br>4 ☐ |

## 3. RELACIÓN DE UNIDADES

A continuación establécense as disintas unidades que se levarán ao longo desde curso co alumnado de 1º de Primaria.

| Secuencia | * Título da UD | Descrición | *Nº de sesións<br>70 | Peso na materia<br>100 | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O universo e a Terra | Nesta unidade imos coñecer un pouco mellor o universo e a Terra | 9 | 12 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 2 | A representación da Terra | Nesta unidade, imos coñecer as formas da representación da Terra e as maneiras de recoñecer | 8 | 12 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 3 | O clima no mundo | Nesta unidade imos coñecer, con máis detalle, os climas no mundo e o tempo atmosférico. | 8 | 11 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 4 | Clima e paisaxe de España e Galicia | Ao longo deste tema imos coñecer os distintos tipos de clima que hai en España e en Galicia. | 8 | 11 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 5 | Organización política e territorial de España e Galicia | Ao longo desta unidade coñecerán como se estrutura o sistema político que goberna o país, os | 9 | 11 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 6 | A poboación en España e Galicia | Ao longo da unidade, iremos descubrindo como é a poboación de Galicia e a de España. En que se | 8 | 12 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 7 | A Idade Media | Nesta unidade imos descubrir moitas cousas sobre o noso pasado: como viviamos na Península | 9 | 11 | ☐ | ☐ | ☑ |
| 8 | A Idade Moderna | Nesta unidade imos descubrir todo o que aconteceu despois da Idade Media xa que, durante | 8 | 11 | ☐ | ☐ | ☑ |
| 9 | Visita cultural | Nesta unidade imos coñecer o patrimonio histórico e cultural da nosa comunidade autónoma: Galicia. | 3 | 9 | ☐ | ☐ | ☑ |

## 4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas.

A asignatura dividiráse en temas ou unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Os procedementos serán variados e descritivos para facilitar a información do progreso nesta área e as competencias , utilizando os seguintes instrumentos:

- Observación sistemática.
- Revisión de cadernos e traballos realizados polos alumnos/as.
- Probas orais.
- Rexistro e control por parte do profesorado.

Valórase:

- A realización dos exercicios diarios na clase.
- A resposta das preguntas diarias orais da clase.
- A capacidade de traballar en grupo de maneira cooperativa.

Adoptando os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Probas formais (orais e escritas): 60%
- Actividades feitas na clase: 20%
- Preguntas feitas na clase: 20%

Ademáis, a nota ordinaria será o resultado das 3 avaliacións, que terán a seguinte ponderación:

- 1º trimestre: 30%
- 2º trimestre: 35%
- 3º trimestre: 35%

En canto aos criterios de recuperación, Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe que necesiten recuperación, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nas contidos conceptuais.